



UNHA VOLTA POLOS ANCARES

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 150 km

Dificultade: baixa

Duración: unha xornada (mínimo)

A gran variedade e as múltiples combinacións de rutas que se poden facer, en coche ou a pé, por ese gran espazo que son os Ancares, territorio no linde administrativo entre Galiza e León, pero que forma unha unidade natural e cultural, fai difícil facer unha proposta concreta. O mellor é ir varias veces, desde distintos puntos, en diferentes estacións, combinando percorridos en coche con rutas a pé, parando ou pernoctando nos centros de maior interese ou mellor situados para facer os nosos desprazamentos.

Nesta entrega presentamos un percorrido en coche de aproximadamente 150 km que se pode facer moi rápido ou todo a modo que queiramos, con paradas, desvíos, combinando con camiñadas a pé... tendo en conta que o percorrido discorre por estradas de montaña. Neste entorno, ao encanto dos lugares visitados, das paisaxes, da flora e a fauna ou da arquitectura podemos engadir o gozo de ver o solpor na montaña ou erguerse para contemplar os espazos coas primeiras luces da mañán. E tamén o de entrar en contacto directo coa forma de vida das xentes que durante séculos mantiveron un xeito de vida integrado coa natureza e que foron quen de conservar eses valores que fan dos Ancares un espazo único no aspecto etnográfico e natural.



Vista xeral dos Ancares

COMO CHEGAR:

Tomando como punto de partida **San Román de Cervantes** podemos facer unha ruta circular para achegarnos aos lugares máis coñecidos dos Ancares, e desde cada un completala con outras alternativas.

Saímos de San Román cara a Quindous pasando por Vilaluz para ver o castro de Santa María. En **Quindous** podemos ver o pazo-castelo e dúas árbores monumentais (unha carba e un cerquiño) que hai na praza. Alí collemos a estrada que nos leva a Vilaver e Vilaquinte, e en Vilaquinte a que vai a Navia de Suarna pasando por Silvouta e Vilaverde. Na **Pobra de Navia** podemos ver o fermoso conxunto da Ponte Vella, de orixe medieval, sobre o río Navia, e o castelo. Collemos despois a estrada que polo val do río Rao leva a Robledo de Rao e Murias. En Murias podemos seguir a estrada que vai a Balouta seguindo o canón do río Rao, que nesta zona chámase río Balouta, ou o desvío que pasando ao pé do Penedo de Murias sube á Alzada de Pan de Zarco, que noutros tempos foi un asentamento a onde se trasladaban os gandeiros durante os meses de verán para coidar do gando, e nos leva á Cruz da Cespedosa. Alí temos a opción de ir a **Balouta**, unha poboación leonesa que conserva algunhas pallozas, e ao **Porto de Ancares** (paso a terras do Bierzo polo val de Ancares) ou coller a estrada da dereita que nos leva por Suárbol, cunha interesante igrexa de montaña, a Piornedo.

En **Piornedo** podemos facer unha visita completa á vila para coñecer o conxunto de pallozas mellor conservado dos Ancares na actualidade e visitar algunha das que están convertidas en museo.



Piornedo: palloza e hórreo.



Paisaxe da zona de Quindous. Dúas terceiras partes do territorio dos Ancares teñen unha pendente superior aos 30°, polo que hai pouco espazo aproveitable para o cultivo.



Ponte Vella e castelo de Altamira na Pobra de Navia. Hai referencias do castelo da Pobra de Navia do ano 1037. Desfeito nas revoltas irmandiñas foi restaurado e actualmente está adicado a vivendas.



Penedo de Murias, unha formación de cuarcita que sobresaie na beira da serra do Brañal, sobre o val do rego de Murias.

Castro de Santa María
(Sabadelle-Cervantes)

De Piornedo baixamos a **Donís** e alí podemos ver un interesante conxunto arquitectónico no que destaca unha casa con torre e brasón e a igrexa con curiosos soportais. Antes de cruzar o rego de Bous vese unha curiosa acumulación de pedras nas abas do monte, son unha das morrenas formadas polo glaciar que ocupou o val de Piornedo. Logo, polas abas da serra do Agulleiro seguimos a estrada á Campa da Braña. Neste tramo pasamos pola fraga de Vilarello, coñecida tamén como **Avesedo de Donís**, a fraga máis grande de Galicia, cruzamos varios regos que van ao Ser (Ortigal cos seus afluentes e Nobreñal), con algunha fervenza, e podemos ver un cortín (antes da ponte de Vales sobre o Ortigal). Merece a pena un pequeno desvío a Vilarello onde aínda se conservan algunhas construcións tradicionais.

En **Campa da Braña** podemos coller o desvío á esquerda e achegarnos á Aula da

Natureza que se atopa xunto ao Albergue de Ancares, desde onde podemos contemplar os cumes de Tres Bispos e Pena Rubia, o val do rego da Vara e a serra das Maseiras cuberta por un fermoso bosque (a **fraga de Cabana Vella**) que acolle exemplares de gran porte de carballos e acivros.


Continuamos a ruta

por Degrada ata **Castelo de Frades**, onde hai un bos exemplares de castiñeiros, e seguimos ata **Doiras** onde nos recibe, xa de lonxe, o castelo que coroa un outeiro de 750 m de altura rodeado de bosques. En Doiras collemos a estrada que vai a Pontes de Gatín e Liber, seguindo o curso do río das Casas que logo se xunta co Cervantes, un afluente do Navia, e desde alí volvemos a San Román, ou podemos saír cara a Becerreá.

En Pontes de Gatín hai un muíño e unha ponte medieval sobre o río Cervantes cunha curiosa lenda que fala do trato que fixo o demo (Gatín) cun mozo para que puidese cruzar o río a visitar á súa namorada.



Igrexa de Donís.



Abesedo de Donís, o bosque máis grande da Galiza. Durante moitos anos cortouse madeira de carballo e carba, para travesas de ferrocarril e construción naval. Os avesedos son bosques que medran nas abas sombrizas (avesías) orientadas ao norte.



Castiñeiro en Castelo de Frades, con máis de 10 m de perímetro.



Castelo de Doiras.